

## **CONTRATOS-PROGRAMA INNOVA 2022/23 ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CPI de Atios (Valdoviño) PARA O DESENVOLVEMENTO, O SEGUIMENTO E A AVALIACIÓN DUN PLAN DIRIXIDO Á MELLORA DO ÉXITO ESCOLAR DURANTE O CURSO 2022/23**

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, don Román Rodríguez González, en calidade de conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación deste departamento, de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da Lei 1/1983, do 22 de febreiro; na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a súa corrección de erros.

Doutra parte, don Antonio Cebreiro Melero, en calidade de director do CPI de Atios de Valdoviño (código de centro nº 15018148), en uso das competencias que lle outorga a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e os decretos polos que se aproban os regulamentos orgánicos dos distintos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

As partes recoñécense reciprocamente con capacidade para a sinatura deste contrato-programa e, con tal efecto,

### **MANIFESTAN**

**Primeiro.** Por Resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa do 9 de xuño de 2022 regúlanse os Contratos-Programa Innova 2022/23 para fomentar a inclusión educativa nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o curso 2022/23.

**Segundo.** O apartado 14 da Resolución citada dispón que os centros que sexan autorizados para o desenvolvemento dun Plan de Mellora asinarán un contrato-programa que recolla as modalidades do plan e os acordos entre o centro e a consellería.

Por isto, ao amparo da lexislación vixente, as partes formalizan este contrato-programa, de acordo coas seguintes

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA. Obxecto, natureza, réxime xurídico e período de vixencia**

Este contrato-programa ten por obxecto desenvolver os contidos da Resolución do 9 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regulan os Contratos-Programa Innova 2022/23 para fomentar a inclusión educativa nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o curso 2022/23.

Neste documento expóñense os compromisos da Administración educativa e do centro docente para o cumprimento do establecido na citada Resolución.

O período de vixencia deste contrato corresponde ao curso escolar 2022/23.

## **SEGUNDA. Compromisos das partes**

As partes obríganse aos compromisos que figuran no Anexo deste contrato.

## **TERCEIRA. Seguimento e avaliación do contrato-programa**

A comisión de seguimento e avaliación dos Contratos-Programa Innova 2022/23, segundo o establecido no apartado 15 da Resolución do 9 de xuño de 2022, estará integrada por representantes da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, da dirección do centro docente e a persoa inspectora do centro.

## **CUARTA. Indicadores de avaliación do plan**

Para a avaliación do plan, a comisión de seguimento e avaliación valorará o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no plan presentado polo centro docente, considerando os indicadores de autoavaliación previstos neste.

Finalmente, en proba de conformidade, as partes asinan este contrato-programa por duplicado, en Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica.

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación  
Profesional e Universidades

O director

Román Rodríguez González

Antonio Cebreiro Melero

## Anexo

**CÓDIGO DO CENTRO:** 15018148  
**CENTRO:** CPI de Atios - Valdoviño - A Coruña  
**PROGRAMA:** Contratos-Programa Innova 2022/23  
**ESTADO:** Admitido  
**VERSION:** 1

### A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

### 03. EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables.

#### a) Medidas a desenvolver nesta modalidade

**Medidas que se van poñer en marcha e/ou actividades que se van desenvolver durante o curso.**

1. Por en marcha os *¿Recreos activos¿* e "Gardas Activas" para o incremento da actividade física semanal durante o horario lectivo.
2. Realizar activades físico-deportivas en colaboración con entidades locais e con outras de ámbito nacional. (Corre por Valdoviño, Carreira Save The Children, Roteiros pola contorna, etc).
3. Realizar charlas e exposicións para concienciar e sensibilizar ao alumnado do centro da importancia de adquirir hábitos de vida saudables e sostibles que garantan a propia saúde e a do medio ambiente. Preferiblemente, a maioría destas charlas e exposicións serán levadas a cabo por alumnado do centro.
4. Realizar pequenos estudos sobre hábitos saudables da comunidade educativa. Enquisas sobre os hábitos de vida como detección e análise da realidade social próxima (hixiene, actitude postural, comidas principais e a inxesta entre comidas, consumo de substancias tóxicas...).

#### f) Indicadores

**Estableza os indicadores de logro (obxectivos e medibles), que permitan comprobar os avances acadados trala aplicación das medidas propostas nesta modalidade do Plan de Mellora ao finalizar o curso. Indique un mínimo de 3.**

Indicadores

- Aumentar un 20% o tempo de práctica de actividade física e/ou deportiva do alumnado no centro.
- Conseguir unha participación nas actividades propostas de máis do 70 % do alumnado.
- Eliminar o consumo de bebidas azucaradas durante os recreos e tempos de lecer no centro para toda a comunidade educativa.
- Reducir un 60% a produción de residuos nas merendas dos recreos.

#### g) Compromisos adquiridos

**Compromisos adquiridos polos participantes (centro, profesorado, axentes sociais, outras administracións, ...) nesta modalidade do Plan de Mellora**

Compartir co alumnado e as familias os obxectivos principais da plan.

Facilitar ao alumnado a participación das actividades concretando.

Impulsar a implicación do alumnado na proposta, organización e xestión das diferentes actividades.

Vincular el centro y la familia mediante el compromiso y la acción tutorial.

Potenciar a conciencia sobre a importancia do consumo sostible e dos hábitos saudables.

Implicar ás familias na adopción de medidas complementarias ás realizadas no centro educativo dentro do entorno familiar.

**B) COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

**A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a aportar os seguintes recursos económicos:**

**Modalidade 03. EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables.**

Gastos de funcionamento: 800€